

ANEXO VII

Requisitos técnicos das empresas reparadoras

As persoas ou entidades que se propoñan reparar ou modificar sonómetros, calibradores acústicos ou dosímetros, a que se refire esta orde ministerial, deberanse inscribir como reparadores autorizados no Rexistro de Control Metrolóxico, segundo o disposto no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

A inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico requirirá, por parte do solicitante, o cumprimento dos requisitos administrativos e técnicos que se especifican a seguir.

1. Requisitos administrativos.

As persoas ou entidades que soliciten a súa inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico como reparadores autorizados de sonómetros, calibradores sonoros e dosímetros deberán cumprir os requisitos administrativos exixidos no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

2. Requisitos técnicos.

Ademais do cumprimento dos citados requisitos administrativos, será tamén indispensable para a inscrición que o reparador dispoña non só dos recursos técnicos e humanos necesarios para poder realizar o seu traballo, senón tamén dos medios técnicos que lle permiten efectuar a comprobación do instrumento unha vez reparado e garantir a bondade da reparación. Para iso deberá dispor, como mínimo, do seguinte equipamento debidamente calibrado:

Un calibrador acústico, de clase 1, que posúa un nivel de presión acústica e unha frecuencia coñecidos e que cumpra cos requisitos da norma española UNE-EN 60942:2005.

Un sonómetro, clase 1, que cumpra cos requisitos da UNE-EN 61672-1-2, sometido ao control metrolóxico establecido nesta orde, ou unha cadea de medición formada por un micrófono de media polgada e un preamplificador de precisión igual ou superior á daquel.

Un medidor de distorsión, con capacidade para medir a distorsión harmónica total, cunha precisión de 0,1 por 100 para o rango que especifica a norma técnica.

Un xerador de sinal sinuoidal capaz de xerar onda cadrada e salvas de impulsos sinuoidais.

Un multímetro de precisión de corrente alterna e corrente continua de 4 1/2 díxitos, con capacidade de medida de ata 200 V, 1 A, 100 M Ω .

Unha fonte de alimentación de corrente continua, o rango da cal vai de 0 a 30 V e de 0 a 2 A.

Un osciloscopio de dúas canles, capaz de medir ata 10 MHz e unha sensibilidade de 2mV/div.

Un frecuencímetro de resolución 0,1 Hz, no rango de 0,1 kHz a 200 kHz e unha sensibilidade entre 1 mV e 10 V

17279 *CORRECCIÓN de erros da Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interompibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción. («BOE» 237, do 3-10-2007.)*

Advertidos erros no texto da Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interompibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción, publicada no Boletín Oficial del Estado, suplemento en lingua galega n.º 22, do 16 de agosto de 2007, procédese a efectuar as oportunas modificacións.

Na páxina 2730, segunda columna, artigo 6, Retribución do servizo de interompibilidade, último parágrafo, primeira e segunda liñas, onde di: «Ej é a enerxía anual consumida en barras de central, expresada en kWh, en cada período tarifario j...», debe dicir: «Ej é a enerxía trimestral consumida en barras de central, expresada en MWh, en cada período tarifario j...».

Na páxina 2732, primeira columna, artigo 9, Requisitos que deben reunir os consumidores para a contratación do servizo, punto 2.º, parágrafo terceiro, onde di: « $(E_j / h_j P_{máx.i}) \geq 5.000 \text{ mW}$ », debe dicir: « $(E_j / h_j P_{máx.i}) \geq 5.000 \text{ kW}$ ».

Na páxina 2732, primeira columna, artigo 9, Requisitos que deben reunir os consumidores para a contratación do servizo, último parágrafo, cuarta liña, onde di: «se fai referencia no artigo 11 ou estar en condicións», debe dicir: «se fai referencia no artigo 10 ou estar en condicións».

Na páxina 2734, primeira columna, artigo 14, Revogación da autorización administrativa para a prestación do servizo e resolución do contrato, número 1, alínea c), punto 2.º, última liña, onde di: «... no artigo 8.», debe dicir: «... no artigo 7.».

Na páxina 2734, segunda columna, onde di: «Artigo 16. Facturación dos servizos.», debe dicir: «Artigo 16. Facturación do servizo.».

Na páxina 2734, segunda columna, terceira liña do número 1 do artigo 16, onde di «Operador do sistema o día 30 do mes m+2 a que», debe dicir «Operador do sistema antes do día 15 do mes m+3 a que».

Na páxina 2735, primeira columna, onde di: «Artigo 18. Comprobación e inspección destes servizos.», debe dicir: «Artigo 18. Comprobación e inspección deste servizo.».

Na páxina 2735, primeira columna, segundo parágrafo, última liña, onde di: «artigo 7.», debe dicir: «artigo 8.».

Na páxina 2735, segunda columna, número 5, sétima liña, onde di: «... resultado dos contratos de xestión da demanda», debe dicir: «... resultado dos contratos de xestión da demanda de interompibilidade».

Na páxina 2735, segunda columna, onde di: «Disposición adicional segunda. Modelos de contratos e procedementos.», debe dicir: «Disposición adicional segunda. Modelo de contrato e procedemento.»

XEFATURA DO ESTADO

17480 *REAL DECRETO LEI 9/2007, do 5 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos producidos pola seca en determinadas bacías hidrográficas. («BOE» 240, do 6-10-2007.)*

As condicións meteorolóxicas adversas deron como resultado que algunhas bacías hidrográficas continúen con acusados problemas para a subministración de auga, tanto para os abastecementos ás poboacións, como para as explotacións agrícolas e gandeiras, polo que é necesario adoptar determinadas medidas extraordinarias e de urxente necesidade para paliar os efectos da seca.

O ano hidrolóxico 2004/2005 foi, para unha gran parte da España peninsular, o máis seco dunha serie histórica de máis de 100 anos. O ano hidrolóxico 2005/2006 foi un ano con maiores precipitacións que o anterior aínda que tamén seco (un 16% por debaixo da situación de normalidade). Este ano hidrolóxico, aínda que tivo unha chuvía en niveis normais, non foi suficiente para solucionar o déficit acumulado polos dous anos anteriores nalgunhas

bacías cuxa situación de reservas dos sistemas se sitúa por debaixo da media dos últimos cinco anos no caso dos destinados a usos consuntivos.

Polo anterior, é conveniente conceder un ano máis a exención das exaccións relativas á dispoñibilidade de auga para rega, coa adición de igual medida para a dos abastecementos afectados pola escaseza de recursos. O agravamento da situación obrigou a realizar na cabeceira do Texo unha reserva estratéxica pola Mancomunidade dos Canais do Taibilla, mediante contratos de cesión de dereitos de auga, que orixinou un imprevisto e importante desequilibrio orzamentario nas súas operacións comerciais. Consecuentemente é necesario restablecer a súa normalidade económica mediante as exencións das exaccións correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas, correspondentes ao ano 2007.

Por último, e en relación co Parque Nacional das Tablas de Daimiel, dadas as circunstancias excepcionais en que se encontra e o baixo aproveitamento que posibilitaron as ditas circunstancias sobre os recursos transvasados, faise necesario conceder, así mesmo, a exención das exaccións correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas, correspondentes ao ano 2007.

Os mesmos motivos aconsellan a prórroga do Real decreto lei 15/2005, do 16 de decembro, de medidas urxentes para a regulación das transaccións de dereitos de aproveitamento de augas, xa que se revelou como un instrumento útil para a reasignación voluntaria de dereitos de auga. Prorrógase tamén a vixencia dos reais decretos 1265/2005, do 21 de outubro, e 1419/2005, do 25 de novembro, polos que se adoptaron medidas administrativas excepcionais para a xestión de recursos no Xúcar, Segura e Texo, e Guadiana, Guadalquivir e Ebro, respectivamente, aínda que neste último caso só se prorroga a súa vixencia para o ámbito da bacía do río Guadalquivir.

Por outra parte, inclúese a declaración de urxente necesidade de ocupación dun conxunto de actuacións vinculadas coa loita contra a seca.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de outubro de 2007,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto establecer medidas de apoio aos titulares de dereitos ao uso de auga para rega nos ámbitos territoriais afectados pola seca, cando tivesen unha dotación inferior ao 50 por cento da normal. Estes ámbitos figuran relacionados no anexo 1.

2. Así mesmo, ten por obxecto paliar o desequilibrio económico producido á Mancomunidade dos Canais do Taibilla debido á adquisición dos dereitos ao uso de auga necesarios para garantir o abastecemento das súas poboacións.

3. Por último, ten por obxecto eximir o Parque Nacional das Tablas de Daimiel da achega correspondente á tarifa de condución do abastecemento Texo-Segura, dado o escaso aproveitamento dos recursos transvasados no ano 2007.

Artigo 2. *Exención das exaccións relativas á dispoñibilidade de auga.*

1. No exercicio 2007, para os titulares de dereitos ao uso de auga para rega incluídos no ámbito de aplicación a que se refire o artigo 1.1, concédense as seguintes exencións:

a) A cota da tarifa de utilización da auga e do canon de regulación establecidos no artigo 114 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

b) As achegas correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas incluídas nas alíneas b) e c) do artigo 7.1 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueduto Texo-Segura.

c) A cota da tarifa de condución das augas pola infraestrutura do postransvasamento (bacía do Segura), prevista no artigo 10 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, que fose aplicable ás augas propias da bacía, cuxo uso fose autorizado provisionalmente en virtude do disposto polo Real decreto 1265/2005, do 21 de outubro.

2. No exercicio 2007, a Mancomunidade dos Canais do Taibilla queda exenta das achegas correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas incluídos nas alíneas b) e c) do artigo 7.1 da Lei 52/1980, do 16 de outubro.

3. No exercicio 2007, o Parque Nacional das Tablas de Daimiel queda exento das achegas correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas incluídos nas alíneas b) e c) do artigo 7.1 da Lei 52/1980, do 16 de outubro.

4. Os suxeitos pasivos das exaccións sinaladas nos puntos anteriores que satisfixesen total ou parcialmente as cotas correspondentes terán dereito á devolución das cantidades ingresadas.

Disposición adicional primeira. *Modificación do ámbito de aplicación.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente para modificar a delimitación territorial do anexo I para a aplicación das medidas previstas neste real decreto lei, unha vez oídas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector.

Disposición adicional segunda. *Declaración de urxente necesidade de ocupación.*

Declárase a urxente necesidade de ocupación dos terreos afectados polas actuacións que se citan no anexo II.

Disposición adicional terceira. *Créditos orzamentarios.*

A compensación das diminucións de ingresos que se produzan nas confederacións hidrográficas como consecuencia das exencións previstas no artigo 2 deste real decreto lei, serán financiadas nun 50 por cento con cargo ao Fondo de continxencia de execución orzamentaria. O 50 por cento restante financiarase con cargo aos créditos do orzamento do Ministerio de Medio Ambiente, para o cal se efectuarán as transferencias de crédito que proceda sen que resulte de aplicación a limitación contida no artigo 52.1.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, respecto da realización de transferencias de crédito desde operacións de capital a operacións correntes.

Disposición derradeira primeira. *Prórroga de medidas excepcionais.*

1. Prorrógase ata o 30 de novembro de 2008 a vixencia do Real decreto lei 15/2005, do 16 de decembro, de medidas urxentes para a regulación das transaccións de dereitos ao aproveitamento de auga.

2. Prorrógase ata o 30 de novembro de 2008 a vixencia do Real decreto 1265/2005, do 21 de outubro, polo que se adoptan medidas administrativas excepcionais para a xestión dos recursos hidráulicos e para corrixir os efectos

da seca nas bacías hidrográficas dos ríos Xúcar, Segura e Texo.

3. Prorrógase ata o 30 de novembro de 2008, única e exclusivamente para o ámbito da bacía hidrográfica do río Guadalquivir, o Real decreto 1419/2005, do 25 de novembro, polo que se adoptan medidas administrativas excepcionais para a xestión dos recursos hidráulicos e para corraxir os efectos da seca nas bacías hidrográficas dos ríos Guadiana, Guadalquivir e Ebro.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1, 22.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e o ministro de Medio Ambiente, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I

Ámbitos territoriais de aplicación do real decreto lei

Confederación Hidrográfica do Texo

Sistema Tajuña.

Confederación Hidrográfica do Guadiana

Sistema Gasset.
Sistema El Vicario.

Confederación Hidrográfica do Guadalquivir

Sistema de explotación da regulación xeral.
Zona regable Salado de Morón.
Zona regable Guadalmellato.
Zona regable Sierra Boyera.
Zona regable do Rumbiar.
Regas Quentar-Canales.
Regas do Cubillas.
Regas do Colomera.
Sistemas do Alto Guadiana Menor.
Sistema da Hoya do Guadix.

Confederación Hidrográfica do Segura

Cierva.
Vegas del Segura.
Argos.
Guadalentín.
Zonas regables transvasamento.

Confederación Hidrográfica do Xúcar

Canal Xúcar-Turia.
Mancha Oriental.
Regadíos tradicionais do Turia.
Canal Campo do Turia.

ANEXO II

Relación de actuacións para as cales este real decreto lei declara a urxente ocupación dos terreos afectados

Desalga na Costa do Sol.
Condución da Venta del Pobre ao Campo de Tabernas (Almería).
Condución enlace Carboneras-Los Llanos de Almería (Almería).
Conducións na zona regable do encoro de Cuevas de Almanzora.
Modernización das infraestruturas hidráulicas dos regadíos da Vega Alta ata Ojós (Murcia).
Modernización das infraestruturas hidráulicas dos regadíos da Comarca de Los Vélez (Almería).
Desalga e obras complementarias para a Marina Baja (Alicante). Solución Mutxamel.
Desalgadora de Oropesa del Mar e obras complementarias. (Castellón).
Planta de osmose de Moncófar e mellora da xestión de augas salobres no sur da comarca de La Plana (Castellón).
Adecuación do encoro de Arenós (Castellón).
Ampliación da capacidade de depuración de auga en Sueca e reutilización de augas residuais da EDAR de Sueca (Valencia).
Ordenación e terminación da reutilización das augas residuais da planta de Pinedo.
Reutilización de augas residuais depuradas da Albufera Sur. TTMM Almusafes e outros (Valencia).
Finalización da modernización de regas de La Plana de Castellón.
Modernización das regas de Escalona, Carcaixent, Sueca, Cullera e Cuatro Pueblos. (Valencia).
Reordenación da infraestrutura da horta e rede de saneamento da área metropolitana de Valencia: Silla e outros.
Gran reparación e automatización do canal principal do Campo do Turia (Valencia).
Modernización das regas do Campo do Turia.
Reforzo do sistema de abastecemento da área metropolitana de Valencia e o Camp de Morvedre, planta desnitrificadora de L'Elíana (Valencia).
Control e laminación de enchentes na bacía media do río Serpis (Valencia).
Laminación e mellora da drenaxe da bacía do río Vaca.
Programa de calidade das augas do Delta do Ebro. Alimentación das baías con auga doce dos canais de rega. 1.ª fase.
Programa para a implantación de redes de indicadores ambientais do Delta do Ebro.
Eliminación da contaminación química do encoro de Flix. (Tarragona).
Restauración hidrolóxica da continuidade do río Ebro.
Programa de saneamento de augas residuais urbanas (PSARU 2002) na bacía do Ebro. 1.ª fase (Tarragona e Lleida).
Rede de abastecemento da Llosa del Cavall (Barcelona).
Mellora do abastecemento no contorno da presa de Alange, 1.ª fase, depósitos en Almendralejo.

Mellora do abastecemento no contorno da presa de Alange, 2.ª fase.

Abastecemento ao Consorcio de Los Molinos, 2.ª fase.

Mellora da condución e novo depósito en Ciudad Real.

Mellora do abastecemento á comarca de Almadén.

Ampliación da EDAR de Ciudad Real e colectores.

Saneamento e depuración de augas residuais urbanas. Argamasilla de Alba e Tomelloso.

Saneamento e depuración de augas residuais urbanas. Bolaños e Almagro.

Saneamento e depuración de municipios das Tablas de Daimiel.

Saneamento e depuración de augas residuais urbanas. Bacía do río Amarguillo.

Abastecemento aos núcleos inmediatos ao acueduto Texo-Segura.

Construción da ETAP de cabeceira na rede de abastecemento á Llanura Manchega.

Ramais de distribución a partir da condución de auga que desde o acueduto Texo-Segura incorpora recursos á Llanura Manchega.

Proxecto de construción da presa de Enciso.

Proxecto regulación do río Leza. Presa de Soto-Teroba.

Proxecto de regulación integral do canal de Terreu.

Condución abastecemento a Cáceres desde o encoro de Portaje e outros (Cáceres).

Adecuación e mellora da rede de abastecemento á nova mancomunidade do Guadiela.

Abastecemento á futura mancomunidade de augas dos núcleos lindantes cos encoros de Entrepeñas e Buendía (Cuenca e Guadalajara).

Ordenación hidráulica do río Texo entre Bolarque e Talavera, tramo Aranjuez.

Reparación e adecuación do contorno do depósito de auga tratada da ETAP do sistema de abastecemento. Almoquera-Mondéjar.

Ampliación da ETAP de Talavera de la Reina.

Ampliación e mellora do abastecemento aos municipios da zona do Sistema Alberche.

Restauración ambiental do regato Riopudío.

Agrupación de verteduras urbanas, desaugadoiros e estacións de bombeo de pluviais e emisario ata a EDAR de Écija.

Defensa da cidade de Écija fronte ás enchentes do Río Genil 2.ª Fase.

Nova condución de impulsión da estación elevadora de pé de presa de Guadalcaçín para mellora do abastecemento á zona gaditana.

2.ª fase do sistema Quiebrajano-Víboras: renovación do resto de rede do sistema do Quiebrajano.

2.ª Fase do sistema Quiebrajano-Víboras: tramo Cuérniga-Arjona.

que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, é o relativo á nova configuración da docencia universitaria, que se manifesta, por un lado, na estruturación do persoal docente universitario en dous únicos corpos, de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade e, por outro, no establecemento dun novo modelo de acreditación de elixibles, no cal, a diferenza da habilitación ata agora vixente, se eliminou a oferta dun número de prazas previamente delimitadas. Tal modelo baséase agora na posesión previa polo candidato ou candidata dunha acreditación nacional, cuxo procedemento de obtención se regula neste real decreto e que lles permitirá ás universidades elixir o seu profesorado, de maneira moito máis eficiente, entre os previamente acreditados.

O sistema proposto inspírase na tradición académica da avaliación polos pares. Esta tradición incorpórase a todo o proceso e de maneira explícita no requirimento de informes de especialistas na disciplina de cada un dos candidatos. O modelo de avaliación polos pares do profesorado veu sendo utilizado por diversas institucións en España durante os dous últimos anos. A experiencia acumulada permite agora propoñer este novo modelo de acreditación de profesorado como paso previo aos concursos de acceso dentro das universidades. A incorporación da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ao proceso permitirá recoller toda a experiencia acumulada na avaliación de profesorado dos últimos anos.

A finalidade do procedemento de acreditación nacional, que se establece no capítulo I, é a obtención do correspondente certificado de acreditación que, xunto á posesión do título de doutor, constitúe o requisito imprescindible para concorrer aos concursos de acceso aos mencionados corpos de profesorado funcionario docente convocados polas universidades.

Preténdese con isto unha valoración previa dos méritos e competencias dos aspirantes que garanta a súa calidade, a fin de que a posterior selección do profesorado funcionario se leve a cabo nas mellores condicións de eficacia, transparencia e obxectividade.

O certificado de acreditación producirá efectos en todo o territorio nacional e configúrase, en última instancia, como garante da calidade docente e investigadora do seu titular ao cal habilitará para concorrer aos concursos de acceso aos corpos docentes convocados polas universidades, independentemente da rama de coñecemento en que o acreditado fose avaliado.

A valoración dos méritos e competencias dos aspirantes á obtención da acreditación realizarana as comisións de acreditación, ás cales se lles dedica o capítulo II. Os membros de tales comisións serán designados polo Consello de Universidades entre os propostos pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación e renderán contas da súa actuación a esta axencia.

Establécese tamén no capítulo II a composición, constitución e funcionamento das comisións, os criterios para a designación dos seus membros, que variarán en función de que a acreditación se solicite para o corpo de profesores titulares de universidade ou para o corpo de catedráticos de universidade, así como as condicións de aceptación, renuncia, abstención e recusación daqueles.

Para garantir a transparencia e obxectividade na designación dos membros das comisións de acreditación, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación publicará o contido dos currículos dos membros titulares e suplentes, de conformidade co establecido no artigo 57.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior.

Nos capítulos III e IV regúlanse os aspectos relativos aos requisitos para a acreditación e procedementos de

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

17492 *REAL DECRETO 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios. («BOE» 240, do 6-10-2007.)*

Un dos eixes vertebradores da reforma universitaria levada a cabo pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola